


# O Modernismo em Ferrol



## O Legado de Rodolfo Ucha

UNIDADE DIDÁTICA



# O MODERNISMO EN FERROL A TRAVÉS DA OBRA DE RODOLFO UCHA

## 1. A quen vai dirixida?

Esta unidade didáctica elaborada polo Concello de Ferrol está pensada para alumnado de ESO e Bacharelato dos centros educativos da cidade e a comarca, e especialmente recomendada para quen elixa as materias optativas de *"Paisaxe e Sostibilidade"* e *"Patrimonio artístico e cultural de Galicia"*.

## 2. Obxectivos

Xerais:

- Familiarizar ao alumnado co urbanismo e a habitabilidade. Sensibilizar sobre a importancia da vivenda e as súas diferentes tipoloxías en contexto co seu emprazamento. Este obxectivo ten especial reflexo nas actividades para realizar na clase incluídas na primeira parte da unidade didáctica, na que os e as estudantes confrontarán as diferentes tipoloxías de vivendas e ámbitos -urbano ou rural- nos que residen e debatirán sobre as súas vantaxes e inconvenientes.
- Entender as características do Modernismo e, sobre todo, o seu valor como movemento rupturista e innovador, ao falar tanxencialmente doutros estilos arquitectónicos próximos no tempo cos que se pode comparar. Aprender a recoñecer as peculiaridades do Modernismo a través de exemplos de diferentes obras arquitectónicas.
- Entender o contexto histórico no que naceu este movemento, co auxe da burguesía e como reacción á industrialización.
- Fomentar o coñecemento da paisaxe urbana máis cercana.

Específicos:

- Coñecer a figura de Rodolfo Ucha como un arquitecto prolífico e innovador ao que debemos boa parte dos edificios máis senlleiros do barrio da Magdalena.
- Afondar nas aplicacións prácticas das características do *"Modernismo ferrolán"* con especial referencia ás galerías como elemento tradicional da arquitectura da cidade e a súa integración neste estilo.
- Poñer en valor a relevancia deste movemento arquitectónico na fisionomía urbana de Ferrol e sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da conservación e a rehabilitación do patrimonio.

## 3. Metodoloxía e temporalización.

A unidade didáctica propón actividades para desenvolver na clase e no exterior.

- O traballo comeza co achegamento á biografía de **Rodolfo Ucha** a través da lectura na aula (recomendase que sexa o propio alumnado o que lea en voz alta para os seus compañeiros e compañeiras) e o desenvolvemento das actividades propostas nesta primeira parte introdutoria. Estas tarefas poderían prolongarse durante unha ou dúas sesións.
- A continuación entramos na explicación sobre o movemento modernista coa mesma metodoloxía de lectura e realización das actividades.



- c) A terceira parte afonda nas características do Modernismo de Ucha, a través de exemplos tomados da súa obra na cidade. Esta parte é máis densa en contido polo que podería desenvolverse en tres sesións.
- d) O seguinte paso son as saídas ao exterior para realizar as dúas rutas propostas, a do **Modernismo** e a do **"Neoelecticismo"**. Estas excursións necesitarán máis tempo que o que ocupa unha clase, polo que é preciso organizar a actividade dedicándolle unha mañá a cada ruta. Previamente explicárase aos alumnos -segundo as recomendacións propostas na propia unidade didáctica- cal é a mellor maneira de situarse para poder ver os edificios, xa que nalgúns casos resulta complicado poder contemplar as fachadas na súa totalidade polo estreito das rúas. Estas saídas poden realizarse co apoio das audioguías elaboradas polo Concello de Ferrol.
- e) Por último, realizarase unha derradeira sesión na clase na que se aportarán unhas conclusións e se animará ao alumnado a extraer as súas propias, tanto do explicado na aula como dos percorridos pola obra de Ucha. Resulta especialmente interesante debater sobre a importancia da conservación do patrimonio e as medidas que se poden implementar para conseguir este obxectivo.

---

---

## 4. Materiais



---

---

Ademais da propia unidade didáctica, o profesorado pódese apoiar para as súas explicacións no estudo da historiadora ferrolá Pilar Freire Rodríguez *"Entender o Modernismo a través da obra de Rodolfo Ucha Piñeiro"*, promovido polo Concello de Ferrol.

O Concello dispón tamén dunha web dedicada ao Modernismo na que se pode atopar un mapa interactivo cos 28 edificios recollidos nas rutas que permite acceder tanto a imaxes das construcións -e nalgúns casos aos planos orixinais- como a unha descrición das súas características principais. Picando en cada edificio está dispoñible tamén en formato de audioguía en tres idiomas: galego, español e inglés. A dirección desta web é <https://modernismo.visitferrol.com/>. Conta igualmente cun vídeo no que o historiador Guillermo Llorca fala do Ferrol da Ilustración e da obra de Ucha.

Na canle de Youtube do Concello hai outro vídeo (<https://youtu.be/JCeqUAeHQAA>) realizado con motivo do nomeamento de Rodolfo Ucha como Fillo Adoptivo de Ferrol no que o alcalde, Ángel Mato, e a filla do arquitecto, Lucila Ucha, explican o seu legado. E un máis (<https://youtu.be/wtFsJFeg3DI>) sobre a presentación do libro e exposición do fotógrafo José Pardo *"A buxaina de Ucha"*.



# PARTE 1. PARA TRABALLAR NA CLASE

## SOBRE RODOLFO UCHA PIÑEIRO



### **Rodolfo Ucha Piñeiro (Vigo, 1882-Ferrol 1981)**

foi o autor do legado arquitectónico máis valioso da cidade. Gran coñecedor das tendencias que circulaban por Europa, nunca perdeu de vista as novidades que ían aparecendo tanto na arte como o urbanismo da época. Cultivou o Neoelecticismo<sup>[1]</sup>, o Art Déco<sup>[2]</sup> e o Racionalismo<sup>[3]</sup>, aínda que a súa produción máis valiosa e xenuína é a encadrada detro do Modernismo.

Nacido na cidade de Vigo, trasladouse coa súa nai a Ferrol aos 5 anos de idade, cando faleceu o seu pai. Foi alumno da Escola de Artes e Oficios entre 1895 e 1898 e realizou estudos de arquitectura na Escola Superior de Madrid, entre 1897 e 1906. Aos dous anos de rematar a carreira convocouse por primeira vez a praza de arquitecto municipal en Ferrol, que gaña nun concurso de méritos, polo que volve á cidade, onde exercerá para o Concello ata 1936, ano no

que renuncia voluntariamente. Neste período, Ferrol atópase nun momento de crecemento demográfico e económico, polo que precisa dunha urxente modernización, e Ucha será un personaxe clave nos campos do urbanismo e a arquitectura. De feito, desde o inicio do século XX ata o estoupido da Guerra Civil, a cidade duplicará o seu número de habitantes, pasando de ter algo máis de 25.000 a rebasar sobradamente os 50.000.

Con Ucha como arquitecto municipal reordéase o centro urbán seguindo os gustos e necesidades dunha nova burguesía urbana que quere ver transformada e modernizada a cidade. Como exemplo deste labor están o deseño da escalinata da praza de Amboage para conectala coa rúa María, a construción de infraestruturas básicas como a Peixería do Mercado Central, a obra do edificio da Cociña Económica ou a remodelación da fachada do teatro Jofre. Impulsou ademais a reordenación e saneamento da cidade e foi o responsable do regulamento sobre hixiene municipal de 1911.

Paralelamente, Rodolfo Ucha exercerá como arquitecto privado ata o ano 1976, data na que firmou o seu último proxecto.

No 2021 cumpríronse 40 anos do pasamento de Rodolfo Ucha e no 2022 conmemóranse os 140 do seu nacemento.

1. *Neoelecticismo: Arquitectura contemporánea de corte clásico que toma elementos de diferentes estilos.*
2. *Art Déco: Movemento inspirado nas vangardas do século XX e que dá moita importancia á decoración, aínda que as súas formas son simétricas, rectilíneas e angulosas.*
3. *Racionalismo: Arquitectura que renuncia á ornamentación excesiva, con formas sinxelas e funcionais baseadas en formas simétricas simples.*



## ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

---

### 1. Onde vives?

- a) Nun edificio con máis de catro vivendas
- b) Nun edificio con catro vivendas ou menos
- c) Nunha casa unifamiliar
- d) Nunha casa unifamiliar con terreo
- e) Nunha casa unifamiliar antiga (cen anos ou máis)
- f) Nun piso antigo (cen anos ou máis)

### 2. Comenta unha vantaxe e unha desvantaxe da túa vivenda

### 3. Qué parte do Ferrol urbano te gusta máis? Razona a túa resposta

### 4. Que consideras que é máis importante nunha vivenda urbana e por que (marca dúas respostas)?

- a) Que sexa bonita
- b) Que sexa grande
- c) Que teña ascensor
- d) Que teña garaxe
- e) Outro (especifica cal)






# O MODERNISMO



O Modernismo foi un movemento artístico que naceu no cambio do século XIX ao XX, como reacción ao Historicismo imperante ata entón. Oponse á deshumanización da produción industrial en serie e, polo contrario, reivindica o traballo artesanal. En arquitectura, aposta pola “obra de arte total”, ocupándose do exterior e do interior, do mobiliario, da decoración... e por iso os arquitectos traballan habitualmente con pintores, escultores e outros artistas. A idea é unir funcionalidade e beleza, e a innovación na busca de fórmulas para conseguilo é a súa principal característica. Por iso se chamou Art Nouveau en Bélxica -onde empezou a ser recoñecido a partir da obra do arquitecto Victor Horta-, aínda que recibiu outros nomes segundo os países, como Sezession, en Austria, e Stilo Floreale ou Liberty, en Italia. Os motivos tomados da natureza, do mundo animal e da propia figura humana son recorrentes na decoración, mentres que o deseño baséase na asimetría e as liñas curvas e ondulantes e na construción destaca o uso de novos materiais e a combinación de varios distintos. A cronoloxía do Modernismo abrangue desde 1890 ata 1910, aínda que estas non son datas pechadas.

Os principais representantes deste movemento en Europa son o xa citado Victor Horta, do que destaca a pioneira Casa Tassel; o austríaco Otto Wagner e o francés Guimard, ámbolos dous coas súas intervencións nas estacións de Metro de Viena e París, respectivamente, sen esquecer ao máximo expoñente do Modernismo catalán, Antoni Gaudí, ao que debemos a Sagrada Família e o Parque Güell, entre outras moitas obras. En Galicia, xunto a Ucha, hai outros destacados representantes deste estilo arquitectónico, como Antonio Palacios -que é autor dunha grande parte dos edificios monumentais de Madrid- ou Antonio López Hernández.

Pero o Modernismo tivo tamén outras vertentes, ademais da arquitectónica. Por citar só algún exemplos de autores consagrados están Rubén Darío en literatura, Gustav Klimt en pintura, Alphonse Mucha na ilustración ou René Lalique na escultura en cristal.





# ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

## 1. Identifica nesta relación as que son características do Modernismo:

- Simetría
- Liñas curvas
- Uso da pedra
- Seguir os cánones anteriores
- Reivindicación do artesanal
- Motivos decorativos da naturezaza
- Combinación de materiais

## 2. Identifica o Modernismo nestas parellas de obras arquitectónicas:





# AS CARACTERÍSTICAS MODERNISTAS NA OBRA DE RODOLFO UCHA

As principais características do Modernismo, vistas a través da obra de Rodolfo Ucha, son:

1. **Ten vocación de innovar.** É un dos poucos estilos nos que se fai moi difícil rastrexar as súas referencias en tradicións pasadas e, polo tanto, constitúe, por definición, un movemento moderno e rupturista.

Ao ser un estilo case experimental, os seus primeiros pasos danse no que se adoita chamar "arquitectura efémera", é dicir, elementos pensados para ser estruturas provisionais, que non van perdurar no tempo. Así, vemos florecer nas cidades de finais do século XIX pavillóns de exposicións, casetas para distintos usos, cafés, quioscos e mesmo bocas de metro que rapidamente adoptan a linguaxe do Modernismo e os novos materiais de construción (sobre todo ferro e cristal) como elementos distintivos da modernidade. Ucha deseñou quioscos para a venda de distintos produtos, casetas para ferramentas de xardinería ou soportes para anuncios publicitarios. Nestes traballos deixa ver o seu fondo coñecemento do que se estaba a facer noutros países, integrando elementos exóticos de orixe oriental, exipcio ou celta. Neste "universalismo" de Ucha tiveron moito que ver as revistas e publicacións que se difundían desde distintos lugares de Europa e que facilitaban o traballo de arquitectos e decoradores.

2. **Incorpora técnicas e materiais non convencionais, que coloca á vista de todos.** O ferro, o cristal e o formigón toman as fachadas, e aínda que non son estritamente novidosos, si o é a forma en que se utilizan, facendo gala dun afán exhibicionista unido ao espírito da Arte Nova. Un bo exemplo é a Peixería do Mercado Central.




3. **Vai unido á burguesía urbana.** Como consecuencia das sucesivas revolucións do século XIX, a burguesía industrial asentada nas cidades cobra unha importancia económica e social enorme. Estes burgueses tentarán conquistar unhas condicións de vida superiores e posuír casas adecuadas ao seu nivel de riqueza. A nova clase social non renunciará á súa orixe urbana, de maneira que as súas residencias estarán preferentemente no centro das cidades e deberán destacar por riba das demais. O Modernismo constitúe unha solución perfecta para todos estes condicionamentos, xa que é un estilo eminentemente urbano e civil.

Resulta curioso observar a liberdade coa que os arquitectos e quen lles encargan as obras encaran a construción destes novos edificios cando son de uso exclusivamente privado, en contraposición ás obras que teñen unha certa dimensión pública. Neste último caso, o estilo é menos arriscado, máis acomodaticio ao gusto da poboación en xeral. Así acontece no Hotel Ideal Room ou a Fonda Suíza. O privado é máis innovador, fronte ao público, máis ecléctico.




A burguesía aposta por balcóns e varandas de ferro, xogos de cores feitos con vidros ou cerámicas nas fachadas, baldosas decorativas, azulexos vistosos, ... Un exemplo é a Casa Romero, na que podemos apreciar rostros femininos, nenúfares, flores...

- 4. O Modernismo responde a proxectos integrais.** Vese influenciado polo movemento "Arts and Crafts" británico, un equilibrio entre tradición e modernidade que reivindica o artesanal fronte á produción e serie imposta polas sucesivas revolucións industriais. A súa aplicación práctica leva á confección de mobiliario, tecidos, cerámica, vidro, papeis pintados, etc. considerando todo iso non como disciplinas separadas senón como un conxunto, co obxectivo de crear unha "obra de arte total". Todos estes obxectos serán fabricados buscando a excelencia artesanal e seguindo un deseño previo planeado sobre o papel.



- 5. Inspírase na Natureza.** Dentro do Modernismo europeo existen dúas tendencias, por un lado o "Modernismo ondulante", que se caracteriza polo uso do arabesco e a liña curva, cunha ornamentación libre e máis invasiva; por outro o "Modernismo xeométrico", máis comedido e que recorre a motivos decorativos construídos a base de formas xeométricas combinadas. A Ferrol, como cidade periférica que é, o Modernismo chegou máis tarde, e polo tanto a tendencia imperante foi o estilo xeométrico. Ademais, este estilo acomodábase mellor ás peculiaridades da arquitectura de galerías e os edificios da cidade.
- 6. Pretende o refinamento estético.** O Modernismo é un dos movementos artísticos que fan da estética refinada e o decorativismo un dos seus sinais de identidade.
- 7. Busca solucións pouco convencionais.** A súa vocacións é crear unha linguaxe distinta con elementos xa coñecidos. Así atopamos a asimetría, que se comeza a valorar como un elemento dinamizador nas fachadas. Na nosa cidade, ao chegar con retraso, o Modernismo quedase no superficial e non chega á estrutura, e polo tanto no interior das vivendas non se dá esa asimetría que si vemos no exterior.





Dentro destas solucións pouco convencionais está tamén o valor da esquina, á que se presta unha atención sorprendente. No lugar donde conflúen dúas fachadas dun edificio atoparemos con frecuencia elementos decorativos, balcóns, miradoiros, portas, etc. As novas técnicas e materiais construtivos son os que permiten este recurso que, ademais de extravagante, é axeitado para resituar ou multiplicar as entradas aos inmobles urbanos segundo conveña.

A orixinalidade das cubertas é outra solución pouco convencional. A tipoloxía dos edificios da cidade de Ferrol non permite demasiadas innovacións neste campo, pero aínda así hai algúns exemplos na obra de Ucha, como a utilización dos piñóns -eses escalonamentos que podemos atopar nos remates triangulares das fachadas dalgunhas edificacións a dúas augas- como no caso da Peixería do Mercado Central, ou a cuberta do torreón de inspiración centroeuropea da Casa Antón.



A dualidade das fachadas é outra característica pouco convencional do Modernismo, que aplica repetidamente Rodolfo Ucha deseñando estéticas diferentes para cada faciana dependendo da súa ubicación. Normalmente as diferencias responden a unha parte máis pública do edificio e outra máis privada, como nos casos da Casa Rodríguez Trigo (Real, 146-Dolores, 77) e a Casa Rodríguez Fernández (con fachadas ás rúas Rubalcava e Almendra).


Destaca tamén a variedade de formas, xa que as obras caracterízanse por un perfecto equilibrio entre continuidade e diversidade. Un claro exemplo é a Casa Pereira II (rúa Dolores, 64).

Finalmente, o exotismo decorativo é outra solución pouco convencional que aplica o Modernismo, utilizando unha grande variedade de elementos procedentes de todo tipo de tradición, xa sexa xeométricos, vexetais ou antropomorfos (con formas humanas).

- 8. O Modernismo pode adaptarse a algunhas tradicións.** Aínda que o rupturismo é característico deste movemento, pódese adaptar a determinadas tradicións arquitectónicas, de xeito máis notorio nas cidades de provincias como Ferrol. Aquí, a tipoloxía de casa con galería de madeira é a máis común das construcións do centro urbano e o Modernismo respeta e aprópiase con moita frecuencia deste elemento.

A orixe da galería nas vivendas sitúase a finais do século XVIII, relacionada coa carpintería naval. En particular serían os castelos de popa dos navíos -as partes traseiras dos buques-, os que servirían de modelo para este elemento, que nun primeiro momento sería construído polos propios carpinteiros dos estaleiros aproveitando os paros na construción naval. As galerías exportaríanse despois á cidade da Coruña e outras localidades costeiras das Rías Altas.

No Modernismo, o feito de ter que se adaptar á esixencia de preservar as galerías das casas, fai que se desenvolva na cidade de Ferrol un subestilo particular que poderíamos chamar "Modernismo de carpintería", que viría a diferenciarse do habitual "Modernismo de obra".






## ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

1. Cal destes edificios dirías que é de uso público e cal privado e por que?



2. Que elementos decorativos modernistas identificarías nestas fachadas?




3. Cal destes estilos de modernismo cres que é o que se atopa en Ferrol, o ondulante (figura 1) ou o xeométrico (figura 2)






4. Dirías que esta fachada modernista é simétrica ou asimétrica? Por que?



5. Cal é a característica modernista máis salientable da cuberta de este edificio?



6. Cal destas dúas esquinas identificarías unha fachada modernista e por que?



7. Que elemento tradicional ferrolán integrou o Modernismo de Ucha e como se chamou este subestilo arquitectónico?



8. Cal destas imaxes identificas con fiestras modernistas e por que?






9. Que característica do Modernismo teñen en común estes tres edificios?



10. Que tipo de ornamentacións propias do Modernismo observas nestas dúas imaxes?





# PARTE 2. PARA TRABALLAR NO EXTERIOR

(coa axuda de audioguía se é de interese)

## A RUTA DO MODERNISMO DE UCHA EN FERROL

Para afondar no coñecemento da obra de Rodolfo Ucha nada mellor que percorrer as súas construcións. Da súa gran produción destacan 28 edificios de visita recomendada, a maior parte deles situados no centro da cidade, o que permite realizar o percorrido comodamente. Aínda que os interiores presentan elementos moi destacables, non imos ter acceso aos mesmos polo que o lóxico é fixarnos exclusivamente no que poderemos ver nos exteriores.

O aconsellable é facer a ruta en dúas xornadas, agrupando os edificios segundo criterios xeográficos, para permitir un paseo sinxelo pola cidade. O primeiro grupo está conformado por un total de 17 inmobles pertencentes ao Modernismo, construídos na década dos anos 10 do século XX. O segundo inclúe 11 edificacións englobadas no "Novo eclecticismo" ou "Neoeclecticismo" que datan da década dos anos 20. O papel do profesorado para orientar a atención do alumnado é fundamental neste percorrido.

**Recomendacións xerais:** Para observar a fachada dun edificio é importante non situarse totalmente de fronte a ela, senón buscar unha ubicación desviada cara a un lado para obter unha visión global menos plana do conxunto. É así como podemos apreciar a súa plasticidade, observando as partes entrantes e saíntes. No caso dos edificios en esquina, o ideal é colocarse xusto de fronte ao punto onde conflúen as dúas fachadas, tomando unha distancia que permita a visión en perspectiva do conxunto. Este consello, válido para calquera construción arquitectónica, é especialmente relevante no caso do Modernismo, pola atención que presta ao carácter "escultórico" da decoración.

### Ruta 1: "O Modernismo"

Comezamos a visita na esquina da rúa Rubalcava con Almendra e de aí continuaremos hacia Concepción Arenal e as rúas María, Dolores, Real, Magdalena, Igrexa e Pardo Baixo. Seguindo este percorrido optimizarase o paseo a pé.

1. **Casa Rodríguez Fernández.** Rúa Rubalcava, 55. Ano de construción: 1912. Inmoble construído para un enxeñeiro de orixe andaluza que traballaba nunha compañía eléctrica.

**Onde mirar:** É importante constatar a distinta concepción das fachadas, con dous miradoiros flanqueando un balcón na rúa Rubalcava e unha maior cantidade de vans (lugar da fachada onde se abre un oco ou ventá) na rúa Almendra. Nesta -que conectaba cun xardín privado- destacan o remate en piñóns da cuberta e a fiestra de perfil redondeado situada na parte superior. É interesante a decoración a base de flores, botóns, círculos e outros motivos xeométricos nas molduras das xanelas.




2. **Casa Díaz.** Rúa Concepción Arenal, 53. Ano de construción: 1916. Aínda que non hai documentación que acredite con fidelidade que se trata dunha obra de Ucha o seu estilo é plenamente recoñecible.

**Onde mirar:** É un edificio que adoita pasar desapercibido pola súa situación, e por iso un claro exemplo do esmero co que o arquitecto traballaba en todos os seus proxectos, con independencia do humildes que fosen. A carpintería das galerías altas remata en formas redondeadas, reforzando a aparencia de arcada e o remate baixo a cornixa das galerías conta con pequenos adornos pendurados ao estilo dos que se utilizaban na arquitectura dórica da antiga Grecia.



3. **Casa Pereira I.** Rúa María, 172. Ano de construción: 1912. É unha das tres construcións encargadas polo mariño Ramón Pereira Sueiras a Rodolfo Ucha. Unha nunca se chegou a materializar, polo que as outras dúas adoitan denominarse como Casa Pereira I e II. É case seguro que no seu día foron construídas para aluguer e nos dous casos destaca a innovación nas fachadas.

**Onde mirar:** Por unha banda, o arquitecto respectou o concepto da galería ferrolá, pero por outra aplica unha nova ordenación, máis flexible e variada. Así, os catro niveis nos que se pode dividir a fachada en altura presentan catro solucións diferentes entre si. O primeiro andar ten dous orixinais miradoiros que na súa parte inferior presentan cristais en forma de cola de peixe. No segundo alterna os espazos reservados a galerías e balcóns con respecto ao piso de abaixo, para darlle máis dinamismo ao edificio. E xa no terceiro andar atopamos unha galería corrida que aproveita ao máximo a luz. En todo o edificio destaca a carpintería con motivos xeométricos.



4. **Fonda Suíza.** Rúa Dolores, 67. Ano de construción: 1910. O que hoxe funciona como Hotel Suízo foi o primeiro establecemento dedicado a hospedaxe que realizaría Ucha en Ferrol e a primeira obra modernista que firma o arquitecto na cidade.

**Onde mirar:** Ao tratarse dun edificio de uso público, a súa arquitectura resulta "contida"; é conservador na súa estrutura, pero cunha decoración esmerada que responde ás características do Modernismo. Así, nas súas fachadas predomina a simetría e as fiestras son convencionais, pero a decoración floral das molduras e os balcóns, de forxa e de obra, presentan motivos de carácter vexetal. O máis destacable é unha especie de "torre" -aínda que non destacada en altura- situada no extremo final da fachada da rúa Sánchez Barcáiztegui e que parece independizarse do resto do muro.




5. **Hotel Suízo.** Rúa Real, 113. Ano de construción: 1916. O edificio, encargado por Manuel Alba, foi o hotel máis luxoso da cidade no seu tempo.

**Onde mirar:** Novamente o uso da construción fai ao arquitecto inclinarse cara a un estilo máis acomodaticio e comedido. Unha das dificultades principais ás que tivo que enfrentarse foi a diferente cota (nivel) entre as rúas Real e Dolores, pero consegue dotar a cada unha das fachadas de personalidade propia sen deixar de integrarse perfectamente no conxunto.

A fronte da rúa Real semella ser unha tradicional casa de galerías, de non ser pola esquina, que tanto nesta fachada como na da rúa Dolores presenta fiestras, balcóns de obra e de ferro e ata unha peineta decorativa coroando o último piso: todos os elementos para chamar a atención cara a esta parte do edificio.

A fachada que dá á rúa Sánchez Barcáiztegui conta con cinco vans con decoracións diferentes e destaca unha fermosa fiestra circular no penúltimo nivel. Os xogos xeométricos combínanse coas formas vexetais.


Por último, a da rúa Dolores ten un piso menos ca da rúa Real, pero conserva a coherencia organizativa con respecto á fronte de Sánchez Barcáiztegui.






6. **Casa Rodríguez Trigo.** Rúa Real, 148. Ano de construción: 1914. Nesta obra, a maior dificultade era facer un edificio nun espazo que tan só tiña 7 metros de ancho e 40 de profundidade. Ucha foi quen de acometer o proxecto grazas á flexibilización das ordenanzas municipais do 1912, que permitiu incluír un patio interior para aportar luz e ventilación. O arquitecto deseñou así un edificio con dúas fachadas totalmente distintas para as rúas Real e Dolores.

**Onde mirar:** É interesante observar primeiro a fachada da rúa Real -encadrada no “Modernismo de carpintería”- e a continuación a da rúa Dolores -“Modernismo de obra”- sen intercalar outras visitas entre as dúas para ser plenamente conscientes de que se trata do mesmo edificio. A primeira ten no seu conxunto un aspecto de arco triunfal, con miradoiros aos dos lados, balcón no primeiro e segundo andar e galería corrida no último. En cada nivel atopamos solucións diferentes a base de arcos apuntados nas galerías e balcóns retranqueados (botados cara atrás), con remates distintos para cada piso e molduras tamén diferentes enmarcando cada fiestra. Na rúa Dolores, cun piso menos, unicamente hai ventás enmarcadas con robustas molduras para deixar pasar a maior cantidade de luz posible. As características das dúas fachadas respontan ao uso máis residencial da rúa Dolores fronte ao lugar para deixarse ver que constituía a rúa Real.



7. **Casa Pereira II.** Rúa Dolores, 64. Ano de construción: 1912. É unha das mellores obras de Ucha, audaz, imaxinativa e moi plástica.

**Onde mirar:** Pola configuración das rúas da cidade resulta difícil tomar a distancia suficiente para observar as fachadas dos edificios. Hai que se situar na beirarrúa en fronte do inmoible nunha posición lixeiramente esquinada para poder apreciar esta obra. É unha fronte moi estreita, que se organiza en dúas bandas verticais e catro horizontais. Cada un dos vans, pilastras, balcóns, etc. están deseñados de xeito individual, pero sen esquecer que van formar parte dun conxunto. A asimetría obsérvase en cada un dos pisos e cada unha das franxas verticais da fachada, que son diferentes. Mestúranse cemento, ladrillo, madeira, ferro e azulexo, que se unen por pilastras verticais na parte dereita da fachada e por formas que se prolongan de nivel en nivel. Destacan





elementos como a fiestra superior dereita, en forma de lira e, en xeral, trátase dun edificio que hai que mirar detidamente porque o seu esmero decorativo non se percibe a simple vista en toda a súa riqueza.

8. **Casa López.** Rúa Magdalena, 213. Ano de construción: 1914. Este proxecto foi encargado por Alejandro López Rodríguez despois do que inmoble orixinal sufriuse un incendio, circunstancia que foi aproveitada para engadir dous niveis máis.

**Onde mirar:** Este é un boísimo exemplo de “Modernismo de carpintería”, xa que os elementos característicos deste estilo están limitados aos xogos xeométricos das pezas de madeira. Nas galerías combínanse círculos e semicírculos, diferentes en cada piso, mentres que a distribución da fachada é tradicional.



9. **El Correo Gallego.** Rúa Magdalena, 186. Ano de construción: 1913. Este edificio foi a sede do xornal que hoxe ten o seu domicilio en Santiago, pero que naceu en Ferrol. No mesmo inmoble vivía e tiña o seu estudo Rodolfo Ucha.

**Onde mirar:** O novo inmoble foi engadido como ampliación ao conxunto das instalacións que El Correo Gallego xa tiña na rúa Real, e presenta unha fachada totalmente distinta cara á rúa Magdalena. Conta cun entrechán que aparece camuflado detrás dunhas vistosas reixas de ferro nas que se reproducen os motivos circulares das carpinterías das fiestras da planta alta. Nesta fachada case non hai espazo para o muro: todo son xanelas e portas, separadas por piares de fermosos capiteis vexetais e algún elemento xeométrico recorrente.

O máis chamativo é todo o repertorio decorativo floral, desde os remates do tellado ata as flores das reixas, pasando polos capiteis das pilastras e a magnífica grilanda en forma de enredadeira con flores penduradas que vai de lado a lado da fachada baixo a liña dos balcóns.



**10. Peixaría do Mercado Central.** Rúa da Igrexa, s/n. Ano de construción: 1923. Aínda que a obra é tardía, o seu proxecto data do 1910, polo que incluímos este edificio no primeiro percorrido. Ucha deseñouno a modo de pavillón pechado por tres dos seus catro lados e cun elaborado enreixado de ferro sostido por unha sucesión de piares de formigón que, nas catro esquinas da edificación, medran e se reforzan cuns corpos cúbicos que serven á súa vez de soporte para diversas decoracións vexetais e xeométricas. A cuarta parede, a que dá á actual rúa Irmandiños, péchase con muros convencionais nos que se abren fiestras altas de formas sinxelas.

**Onde mirar:** Os elementos modernistas máis interesantes da peixaría atópanse nas fachadas curtas, que son practicamente idénticas e articuladas en base a un enorme arco disposto de lado a lado e atravesado por piares e pilastras que permiten abrir grandes portas e fiestras. O edificio remata con piñóns decorativos no cumio e destaca polo uso de materiais tan diversos como o formigón, o ferro, o zinc ou o cristal.



**11. Casa Romero.** Rúa da Igrexa, 72. Ano de construción: 1910. Proxectada para o industrial e comerciante Juan Romero Rodríguez del Villar -doante da fonte Wallace, que foi mercada na Exposición Universal de París no 1889 e hoxe está situada no parque Raíña Sofía-, Ucha contou con bastante liberdade para o seu deseño. Conta con tres fachadas: unha máis longa na rúa Concepción Arenal e outras dúas máis curtas -aínda que de diferentes dimensións- en Magdalena e Igrexa.

**Onde mirar:** É, coa Casa Pereira II, unha das creacións máis coidadas de Ucha. Para ter unha boa visión hai que se colocar diante do edificio de Correos. A pesares das proporcións diferentes das fachadas, estas manteñen unha grande unidade, que se logra grazas a varios elementos que se repiten, entre eles os oito mascaróns femininos (caras que se usan como adornos en arquitectura) situados nos extremos de cada fachada. As galerías sobresaíntes mesturan o modernismo de obra co de carpintería e reinterpretan o concepto tradicional deste elemento tan ferrolán. Destacan tamén os miradoiros de perfil cilíndrico situados nas esquinas e as formas ondulantes nas carpinterías das fiestras, enriquecidas con elementos decorativos vexetais, sen esquecer o patrón de elementos xeométricos e a decoración floral na parte baixa dos balcóns.



12. **Casa Bruquetas.** Rúa da Igrexa, 4. Ano de construción: 1914. É un proxecto deseñado para Antonia Bruquetas, no que constrúe nunha parcela de só 7 metros de ancho unha fachada telón propia do "Modernismo de carpintería".

**Onde mirar:** Nesa fachada telón intégranse á perfección as diferentes formas que o arquitecto diseña para as galerías de cada piso. A idea global son os motivos xeométricos, que no segundo e terceiro andar xogan con formas redondeadas e círculos dando sensación de continuidade. Tamén destacan os decorativos angulares de arabesco no primeiro andar.



13. **Casa Vázquez.** Rúa Pardo Baixo, 25. Ano de construción: 1914. Encarga o proxecto Robustiano Vázquez Vizoso, para o que o arquitecto diseña unha fachada de distribución tradicional con aparencia modernista. Tanto esta casa como a anterior poderían encaixarse no "Modernismo popular", unha variante estilística que revestiría con carpinterías modernistas as fachadas de edificios tradicionais preexistentes.

**Onde mirar:** Ucha utiliza unha vez máis como motivo decorativo as formas circulares, neste caso nos tres niveis de galerías, e usa as ménsulas (eses pequenos soportes sobresaíntes) como elementos unificadores que rematan cada nivel e se internan no seguinte.






**14. Casa Alberto Munduate.** Rúa Magdalena, 61. Ano de construción: 1911. Esta obra, encargada por Alberto Munduate, que foi mestre de Debuxo de Ucha na Escola de Artes e Oficios de Ferrol, é a primeira do “Modernismo de carpintería” ou “Modernismo popular” e tamén un dos primeiros edificios nos que Ucha emprega motivos florais como recurso ornamental.

**Onde mirar:** A linguaxe do Modernismo atopámola aquí na convivencia de diferentes materiais, como a cantería, o ferro, a madeira ou o cristal. As varandas de ferro teñen todo un repertorio decorativo floral propio deste estilo, o mesmo que a moldura pendurada sobre o balcón.



**15. Casa Gil Azcona.** Rúa Real, 64. Ano de construción: 1912. Encargo do mariño Manuel Gil Azcona para reedificar un inmoble con baixo comercial e tres andares máis un ático.

**Onde mirar:** A maior concentración decorativa da fachada atópase no balcón central do primeiro piso, con molduras de motivos xeométricos combinados con outros de formas vexetais. A propia reixa presenta un curioso deseño que mestura flores e arabescos. A carpintería das galerías é lixeiramente distinta en cada piso e utiliza unha vez máis o recurso dos semicírculos e arcos como elemento decorativo.





**16. Hotel Ideal Room: Rúa Real, 97.** Ano de construción: 1917. Trátase do terceiro traballo de Ucha para un negocio hostaleiro despois da Fonda Suíza e do Hotel Suízo. Encargado por un promotor de Neda, convertiuse no hotel máis caro da cidade e contaba cun cento de habitacións. É unha obra que se sitúa no remate da etapa modernista de Ucha e o inicio da neoelecticista.

**Onde mirar:** Os tres pisos superiores contan con balcóns centrais estilizados e galerías nos extremos que, como concesión ao Modernismo, presentan diferentes formas no último nivel e combinan nas reixas os motivos florais e os xeométricos. Porén, o corpo central da fachada mantén a simetría e a orde propios dun estilo atemperado, de poucos riscos.

A esquina visible do edificio cobra importancia cunha grilanda e varias molduras de motivos xeométricos e tamén se conservan dúas maravillosas portas de acceso con formas exquisitamente decorativas de aspecto modernista pero que xa anuncian o inminente estilo Art Déco.



**17. Casa Brañas. Rúa Real, 125.** Ano de construción: 1914. Encargo de Ramón Brañas Deibe para un edificio con baixo comercial e dous andares dedicados a unha única vivenda particular. Trátase dun edificio en esquina que, neste caso, non ten un tratamento diferenciado para as fachadas.

**Onde mirar:** É un dos exemplos máis pintorescos do “Modernismo de carpintería” de Ucha, con antepeitos decorados de forma diferente para cada andar, unha cornixa de remate máis sobresaínte do normal e un traballo decorativo a base de rombos e ménsulas na parte alta das galerías do segundo piso. Na esquina aparece un voluminoso remate que combina discretos motivos vexetais e as habituais formas xeométricas.



## ==== Ruta 2: “O Neoelecticismo (ou Novo Eclecticismo)” ====

A ruta comeza a escasos metros de onde rematabamos a anterior, diante do Casino ferrolano na rúa Real, e continuaremos ata preto do parque Raíña Sofía para regresar polas rúas Magdalena, Méndez Núñez e Igrexa ata o Jofre e ir cara a Dolores e a praza de Armas, desde onde subiremos a Canido pola rúa Rubalcava.


Cabe subliñar que a arquitectura eclecticista non é unha mestura de estilos sen xeito, senón unha vía que limpa os excesos modernistas e incorpora as máis diversas solucións para resolver problemas concretos, sen esquecer a estética nin a funcionalidade.

1. **Casino Ferrolano.** Rúa Real, 100. Ano de construción: 1925. Ao longo do século XIX estendeuse pola Península Ibérica a moda dos casinos culturais, concibidos como sociedades de recreo e influídos polos clubs ingleses onde adoitaba reunirse a burguesía. O Casino de Ferrol é un dos proxectos máis coidados por Ucha, cun deseño integral que non só incluía o edificio senón outros elementos como lámpadas, cornixas, plafóns, reixas de balcóns, vidrieiras e mesmo a porta do ascensor, hoxe desaparecida. Destacan tamén as pinturas murais que, por iniciativa do arquitecto, realizou Felipe Bello Piñeiro e que decoran a sala coñecida popularmente como “pecera”.

**Onde mirar:** Como en casos anteriores, a fachada da rúa Real é a social e representativa, mentres que a de Dolores ten un carácter residencial e máis discreto, aínda que resulta igualmente coidada. Nas dúas combínanse elementos estruturais clásicos e decoracións con raíz no Modernismo.

Na rúa Real atopamos unha distribución en tres partes aparentemente académica, pero a raíz modernista vese na asimetría que crea o corpo do torreón que ocupa a parte esquerda da fachada, así como no mascarón feminino sobre a porta de entrada ou as grilandas vexetais que decoran o conxunto. O monograma situado no centro do balaústre esquerdo, pola súa banda, é un elemento máis propio do Academicismo francés.

Na rúa Dolores vemos de novo fiestras de perfil circular características do Modernismo e carpinterías xeométricas. Tamén é cercano a este estilo a tipografía sobre o lintel da porta.



2. **Banco de La Coruña.** Real, 193. Ano de construción: 1921. A de Ferrol foi a primeira oficina da entidade bancaria fóra da cidade herculina. Está situada na esquina entre a rúa Real e Méndez Núñez e caracterízase polas formas monumentais propias de establecementos comerciais de uso público, aínda que nel podemos rastrexar elementos do Modernismo.

**Onde mirar:** A privilexiada ubicación deste edificio, que incluso conta cunha esquina aberta visualmente á praza de Amboage, obriga a Ucha a deseñar un proxecto que unifique o conxunto, xa que as dúas fachadas pódense ver simultaneamente desde moitos ángulos. O muro ten protagonismo nas esquinas e perde importancia no resto da fachada, onde os elementos artículanse en columnas no caso da rúa Real e de pilastras xigantes na Méndez Núñez. Como motivos máis cercanos ao Modernismo podemos atopar as decoracións vexetais arredor das fiestras ou os traballos en ferro de enreixados e balcóns. Como edificio propio do Novo Eclecticismo incorpora tamén elementos doutros estilos, como os escudos e grilandas, que remiten ao monumentalismo do Academicismo francés, o mesmo que a presenza dos escudos da Coruña, Ferrol e Galicia. É, pois, un claro exemplo de como utilizar elementos de diferentes procedencias para dar resposta a necesidades concretas de cada parte da obra.



3. **A Capela da Mercé.** Rúa María, 192. Ano de construción: 1925-1926. Os Pais Mercedarios encargaron a Ucha un proxecto de capela que servise como templo relixioso e como espazo para celebración de actividades relacionadas co seu colexio. O arquitecto propón un edificio dunha única nave, diáfano e versátil (axeitado para varios usos), de clara inspiración neogótica, algo sorprendente polo escasa presenza deste estilo na nosa Comunidade.

**Onde mirar:** O conxunto artículase en torno a un arco que enmarca a porta de entrada cun gablete (remate formado por dúas liñas rectas e un ápice agudo) no alto. A decoración exterior mestura elementos vexetais do modernismo cos símbolos da Orde Mercedaria adaptados ás formas neogóticas. Os dous niveis da fachada aparecen divididos por unha cadea, que é o símbolo tradicional da orde como liberadora dos cativos cristiáns dos musulmáns, así como dous escudos mercedarios.






4. **Casa Antón.** Avenida Emilio Antón, 9. Ano de construción: 1918-1919. Trátase dun edificio concibido como vivenda unifamiliar para Emilio Antón Iboleón, comerciante, diplomático e alcalde de Ferrol. Hoxe o edificio alberga parte do colexio Jesús Maestro. Ucha deseñou un palacete con terrazas, patios e ata un pequeno xardín traseiro, ademais da destacable torre-miradoiro con vistas á ría.

**Onde mirar:** A Casa Antón combina elementos modernistas e outros propios do Neoecléctico. Ao primeiro responden a pérgola de ferro e cristal situada sobre a porta da entrada, así como a torre-miradoiro da esquina do edificio, con perfil hexagonal e cuberta cun pronunciado chapitel. Esta esquina conta tamén con ornamentos vexetais. O peche da finca, pola súa banda, dá paso a formas máis eclécticas (combinación de diferentes estilos) na escalina de acceso e no patio.



5. **Casa Casteleiro.** Rúa Magdalena, 230. Ano de construción: 1928-1931. A pesares da modestia desta obra, encargada por Federico Casteleiro Vila, é moi interesante achegarse a ela para comprender o cambio que se produce nestes anos nas modas construtivas.

**Onde mirar:** Os novos tempos para a arquitectura vense reflectidos na distribución simétrica da fachada, na que xa non hai individualización nos distintos andares. Aínda así, aparecen elementos do Modernismo na decoración vexetal e nos esquinais decorados das galerías, así como nas coidadas reixas dos balcóns.



6. **Casa Romero Rodríguez del Villar.** Rúa Magdalena, 207. Ano de construción: 1928. O comerciante Juan Romero Rodríguez del Villar -propietario tamén da Casa Romero- contratou a reforma conxunta de dous inmobles fusionados nun.

**Onde mirar:** Este é un curioso caso dun edificio en esquina, onde Ucha concibe dúas fachadas distintas pero complementarias, xa que xoga cos mesmos elementos distribuídos de formas diversas. Na fronte á rúa Magdalena presenta galerías nos extremos de cada andar e balcóns no centro, mentres que no alzado da rúa Arce o deseño aparece invertido, cunha galería central flanqueada por balcóns laterais. Tamén hai lixeiras diferenzas nos distintos niveis horizontais, con molduras distintas nas fiestras de cada piso. O remate en piñóns e a fiestra semicircular mesturan a linguaxe modernista cunha máis monumental de tendencia eclecticista.



7. **Casa Granda.** Rúa Magdalena, 185/ Rúa Méndez Núñez, 3. Ano de construción: 1925. Este inmovle é un dos encargos máis especiais que recibe Ucha nestes anos: construír un edificio con soto, baixo comercial e vivenda unifamiliar repartida en dous niveis nun soar en esquina que só ten catro metros de fondo pero conta con 15 na fachada de Méndez Núñez.

**Onde mirar:** As particularidades do soar supuxeron un reto que Ucha resolveu de xeito maxistral, creando unha longa fachada aberta á rúa Méndez Núñez na que, en vez dunha galería, constrúe un corpo central de formigón a modo de corredor. Así gaña espazo nos pisos altos e logra unha correcta iluminación das estancias interiores. O baixo comercial artículase en torno a dúas grandes fiestras semicirculares que aínda son de sabor modernista, o mesmo que as estilizadas reixerías dos balcóns e as portas.

Pola contra, a ausencia de elementos decorativos engadidos e a perfecta simetría da fachada principal indican que a obra vira cara a un Novo Eclecticismo. Un exemplo do pragmatismo do novo estilo é trasladar a fachada principal do edificio á rúa transversal (Méndez Núñez).



8. **Casa Borrás.** Rúa Méndez Núñez, 1. Ano de construción: 1920. Aínda que non hai no Arquivo Municipal documentos que adxudiquen a obra a Ucha, os estudosos da mesma e a propia filla do arquitecto atribúenlle este proxecto.

**Onde mirar:** A herdanza modernista está presente en varios aspectos da obra, o máis importante a concepción do edificio desde a esquina, que se valoriza ao incluír a porta de acceso ao baixo e dous niveis de balcóns curvos, xunto ao coroamento a modo de peineta e as bandas ornamentais con motivos vexetais.


Nos extremos de cada fachada, o deseño convértese nunha especie de torreóns que adquiren entidade propia. Pola súa banda, os vans son de perfil sinxelo, máis ao gusto do monumentalismo eclecticista, e as molduras que enmarcan as fiestras simplifícanse.



9. **Fachada do teatro Jofre.** Praza de Galicia, s/n. Ano de construción: 1921. Ucha realizou dous deseños para a fachada do edificio -que era excesivamente modesta para o resto do inmoble-, pero o primeiro foi desestimado por excesivamente caro.

**Onde mirar:** Aínda que ás veces se considera que esta fachada é de estilo modernista, inclúese xa no Novo Eclecticismo, que, sempre atento ás apariencias e facendo equilibrios entre ornamento e contención, foi a solución perfecta para a nova imaxe do teatro. O resultado é unha fachada de liñas horizontais dominantes organizada en base a pilastras xigantes que percorren os tres pisos superiores. As molduras decorativas e a alternancia no remate da cornixa de pináculos e frontóns curvados conforman un conxunto de apropiada estética neoclasicista.

A planta baixa concíbese como un gran zócolo con cinco sinxelos arcos ocultos tras a terraza superior. O pórtico engadido aséntase sobre columnas pareadas que sosteñen arcos e por riba dos capiteis ornamentais destacan os mascaróns decorativos, de clara influencia modernista. Estes, ademais, funcionan como unha alegoría do teatro, alternando os xestos das facianas entre traxedia e comedia.





**10. Cociña Económica.** Rúa Rubalcava, s/n. Ano de construción: 1920. O proxecto que realiza Ucha para esta institución benéfica é sinxelo e práctico na súa distribución interior -unha única planta cun espazo baixo cuberta- e esteticamente impecable no exterior.

**Onde mirar:** No interior quedan vestixios do deseño orixinal e das sucesivas reformas (columnas de ferro, alicatados, etc.) e están en vías de recuperación outros como as antigas baldosas hidráulicas do pavimento. No comedor destaca un mural do pintor ferrolán José González Collado.

No exterior resalta o robusto zócolo, que preserva o edificio e camufla o desnivel da rúa. Ten unha simetría case perfecta, con fiestras enormes dispostas a ámbolos dous lados da porta e percorrendo toda a fachada. Os vans aparecen coroados por molduras robustas que aportan monumentalidade, como é frecuente no Novo Ectecismo. O curioso tellado sobre a porta é exótico e de estilo modernista.



**11. Chalé de Sisto (ou Chalé de Canido).** Nota: É difícil ver o edificio desde fóra, polo que se pode prescindir da visita. Rúa Alegre. Ano de construción: 1921. Rodolfo Ucha fixo para Juan Sisto unha vila suburbana cun gran xardín de especies exóticas, cun acceso monumental e unha imponente torre-miradoiro que se axusta á tipoloxía de "casa de indianos".


**Onde mirar:** A torre entronca co modernismo máis burgués, que ten a vontade de impactar visualmente. O aporte local vén dado pola presenza de tramos de galería de tamaño variable percorrendo os muros do piso noble, co que se crea un curioso xogo de volumes asimétricos.



## ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

---

1. Cales edificios te chamaron máis a atención e por que?
2. Debuxa algún elemento que consideres interesante das vivendas que recorremos.
3. Busca nesta sopa de letras os seguintes elementos relacionados co Modernismo:
  - » Faciana humana de aspecto fantástico que adorna moitas fachadas modernistas
  - » Elemento arquitectónico ao que se da moita importancia neste estilo, que recibe luz e se decora abundantemente e que moitas veces está situado nas esquinas
  - » Remate escalonado na zona da cuberta do edificio
  - » Elemento arquitectónico típico das vivendas ferrolás que mantivo o Modernismo
  - » Motivo decorativo vexetal que se usa con frecuencia neste estilo



4. Que sensación te produce vista desde fóra a Casa Antón? Quen imaxinas que podería vivir no seu interior?



5. Que pensas da capela da Mercé? Cales cres que son as principais diferenzas coas igrexas tradicionais?



6. O Casino Ferrolano é un edificio típico da época, un lugar de reunión da burguesía. Que características do edificio cres que se utilizan para convertilo nun lugar para destacar a importancia dos burgueses da época?





# PARTE 3. CONCLUSIONES

**Rodolfo Ucha Piñeiro** foi un arquitecto innovador nunha cidade na que non era fácil selo, pola súa condición periférica, lonxe dos grandes centros culturais europeos, e polo seu trazado urbanístico singular, que impoñía moitas limitacións e condicionaba o aspecto dos edificios do centro urbán. Ucha sobrepúxose a todas estas circunstancias para crear un conxunto de obras novedosas no marco do movemento modernista.

Traballador prolífico, incansable e lonxevo, a arquitectura de Rodolfo Ucha é unha arquitectura de autor, na que se manteñen as tipoloxías tradicionais -como é o caso das galerías- adaptándoas no estético ás novas correntes que el mesmo difunde pola cidade.

Ao realizar estas rutas resulta evidente a falta de coidado de parte destes edificios e tamén o desafortunado de moitas obras que se levaron a cabo neles, deturpando os deseños orixinais.

## ACTIVIDADES PARA REALIZAR NA CLASE

---

Preguntas sobre as visitas:

1. Que opinión che merece, á vista destes exemplos, o Modernismo como movemento artístico?
2. Canta importancia pensas que ten a arquitectura modernista no conxunto global do barrio da Magdalena?
3. Cales cres que serían as iniciativas máis axeitadas para contribuír á conservación deste patrimonio (axudas económicas, obrigas legais con medidas sancionadoras, actividades de divulgación e sensibilización...)?
4. Que sería necesario para mellorar o aspecto xeral do barrio da Magdalena (retirar os cables polas fachadas, ter os baixos ocupados, mellorar a sinalización,...)?

Organizar un debate:

É mellor construír vivendas novas no centro das cidades ou rehabilitar?

